

Xoves e domingo despois da festa da Santísima Trindade Ciclo c
SOLEMNIDADE DO SANTÍSIMO CORPO E SANGUE DE CRISTO

PRIMEIRA Xen 14, 18-20:

Ofreceu pan e viño

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDANO LIBRO DA XÉNESE

Melquisédec, rei de Salem, sacerdote do Deus Altísimo, sacou pan e viño e bendiciu a Abram con estas palabras:

- "Bendito sexa Abram polo Deus Altísimo,
que fixo ceo e terra.

Bendito sexa o Deus Altísimo,
que puxo os teus inimigos na túa man".

Abram deulle a Melquisédec o décimo de toda a súa presa.

SALMO RESPONSORIAL Sal 109, 1. 2. 3. 4

R/ (4bc): -"Ti es sacerdote para sempre conforme ao rito de Melquisédec".

Palabra do Señor ao meu señor:

- "Senta á miña dereita
mentres poño os teus inimigos
por estrado dos teus pés".

O cetro do poder
mándacho o Señor desde Sión:
domina nos teus inimigos.

- "Es príncipe desde o día que naciches,
tes aura sagrada desde o seo,
desde o albor da túa infancia".

O Señor xurouno, e non se arrepiñe:

- "Ti es sacerdote para sempre
conforme ao rito de Melquisédec".

SEGUNDA 1 Cor 11, 23-26:

Cantas veces comedes e bebedes, anunciades a morte do Señor

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS CORINTIOS**

Irmáns e irmás:

Eu recibín do Señor, e transmitivos tamén a vós, que o Señor Xesús, na noite en que o entregaron, colleu pan e, despois de dar grazas, partiuno e dixo:

- "Isto é o meu corpo, que se entrega por vós; facede isto en lembranza miña".

Do mesmo xeito, despois de cear, tomou a copa dicindo:

- "Esta copa é a Nova Alianza, no meu sangue; cada vez que a bebedes, facédeo en lembranza miña".

Polo tanto, cada vez que comedes este pan e bebedes esta copa, anunciades a morte do Señor, ata que El volte.

ALELUIA Xn 6, 51:

Eu son o pan vivo, que descendín do ceo, di o Señor;
quen coma deste pan, vivirá eternamente

**Xoves e domingo despois da festa da Santísima Trindade Ciclo c
SOLEMNIDADE DO SANTÍSIMO CORPO E SANGUE DE CRISTO**

EVANXEO Lc 9, 11b-17:

Comeron e saciáronse todos

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela faláballes Xesús á xente do Reino de Deus e curaba a cantos o necesitaban. E como empezaba a caer o día, achegáronse os Doce e dixéronlle:

- Despede a xente, para que vaian ás vilas e aldeas próximas en procura de sitio para se hospedaren e para que poidan tamén comprar algo que levar á boca, porque aquí estamos nun descampado.

Pero el replicoulles:

- Dádelles vós de comer.

Eles contestaron:

- Pero ¡se non temos máis ca cinco bolos de pan e mais dous peixes! A non ser que vaiamos nós mercar mantenza para toda esta xente.

Eran uns cinco mil homes. Mais el díxolles aos seus discípulos:

- Colocádeos en grupos de cincuenta.

Dixéronllelo, e sentaron todos. El, colleu os cinco bolos e mailos dous peixes, ergueu a vista ao ceo, bendiciunos, partiunos e déullelos aos discípulos, para que llelos servisen á xente. Comeron todos a fartar, e coas sobras encheron aínda doce cestas.